



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000040

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local , para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os seus concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, dona Jessica Sabín Fernández, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste por causas xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os seguintes acordos:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓNS DO 07.10.21 E 21.10.21-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobou as actas das sesións citadas.

2º.-EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: PISTA POLIDEPORTIVA E DÚAS PISTAS DE PÁDEL EN ESPAZO DEPORTIVO DE ATIOS. –

Expediente. 2021/C003/000004

Proposta de Alcaldía:

“Vista a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes: Efectuados os trámites preparatorios adoptouse acordo de aprobar a contratación en Xunta de goberno local en sesión 26.08.21, mediante procedemento aberto, único criterio de valoración: factor prezo e tramitación ordinaria.

O proxecto técnico da obra redatarono a arquitecta Victoria Alonso Caeiro, COAG 3013 e o arquitecto Pedro Garat Caramé, COAG 3577.

Importe do proxecto sen IVE.- 205.384,46 €; IVE.- 43.130,74 € e un TOTAL 248.515,20 €.

O proxecto de obra está inculdo no Plan POS+2021, Achega provincial 2020; co seguinte financiamento:

Deputación.- 200.227,77 euros

Concello.- 48.287,43 euros

Publicitado anuncio no perfil do Contratante; aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación en sesión de 07.10.21; resultando coma única empresa licitadora EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A; CIF A-15352735 que queda admitida; aperturado o sobre de Oferta económica (C), en sesión de 25.10.21; oferta adaptada ao modelo e na que fai constar entre outras que:

.- Non concorre con empresas vinculadas.

.- Que ofrece o seguinte prezo:

A) Prezos sen IVE.- 201.276,77 €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 42.268,12€

C) Total: (A+B) .- 243.544,89 €

Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA A SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUIDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
Sistema envolvente	45.449,60€	Empresa especializada
Instalaciones	4.763,06€	Empresa especializada
TOTAL	50.212,66€	

CONSIDERANDO os antecedentes, e a proposta da Mesa de Contratación, esta Alcaldía, en uso das atribucións que a Lei lle confire, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Presentada como única empresa licitadora que foi admitida e presenta oferta económica sen incurrir en anormalidade, de conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación,

REQUERIR a dito licitador (EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

Non obstante, a Xunta decidirá o que estime máis convinte

Documento asinado electrónicamente polo alcalde.

A Xunta de Goberno Local, aprobou en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión a proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: SERVICIO DE LIMPEZA DE DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO. PROPOSTA DA ALCALDÍA.

“Vista a necesidade de contratar a prestación do servizo de Limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño.

Visto o informe da Secretaria municipal e o informe de fiscalización da Interventora municipal de data 27 de outubro do 2021.

Considerando polo tanto, que se cumpre co estipulado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPONSE:**

PRIMEIRO.-Aprobar o procedemento de contratación e comezo do de adjudicación, do servizo: “Limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño” mediante tramitación urxente e procedemento aberto co factor prezo.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexerán a presente contratación.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto, cun Presuposto base de licitación de **95.000 euros/anuais IVE engadido.**, con cargo á aplicación orzamentaria. 933.227.00

CUARTO.- Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte. En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes a sesión, acordou aprobar a proposta de Alcaldía sobre o Servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño.

4º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: SERVICIO DE CONSERXERÍA, LIMPEZA XERAL E PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO PAVILLÓN

MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (O LONGOIRO).

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONSERXERÍA, LIMPEZA E MANTEMENTO DO PAVILLÓN DE LONGOIRO POR DOUS ANOS (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA POR 2 ANOS MÁIS), POR PROCEDIMENTO ABERTO TRAMITACIÓN ORDINARIA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Expte nº: 2021/C004/000007

Vista a providencia de Alcaldía de data 27 de outubro de 2021.

Vista a memoria e o informe de necesidade que constan no expediente da súa razón, no que manifesta a necesidade de acudir á contratación por carecer de recursos humanos suficientes e axeitados para a xestión do pavillón de Longoiro, asinados polo Sr. Alcalde.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria no que se establece o procedemento aplicable, así como a proposta de pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeran a contratación e que constan no expediente da cabeceira.

Visto o documento contable de retención de crédito.

Considerando o informe de fiscalización en sentido favorable da Interventora de data 27 de outubro de 2021.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía **PROPÓN:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación urxente, cunha pluralidade de criterios de adxudicación con base á mellor relación calidade-prezo, do servizo para a xestión do Pavillón de Longoiro a fin de levar a cabo os traballos de conserxería, limpeza e pequenas tarefas de mantemento, cun orzamento base de licitación 57.489,78€ (IVE do 21% incluído).

SEGUNDO: Aprobar a non división en lotes do presente contrato. De conformidade co disposto na memoria xustificativa do contrato, coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese optimización do control da execución global do contrato, así como a coordinación da execución das prestación e produciríase un incremento nos costes da execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 341.22799 do orzamento municipal do exercicio 2021, o gasto que para este Concello representa a devandita contratación para o ano en curso pola contía de 11.977.04 euros.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes a sesión, aprobou a proposta de Alcaldía transcrita anteriormente.

5º.- APROBACIÓN ADXUDICACIÓN POR CONTRATO MENOR DA OBRA “MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO”.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Asunto: APROBACIÓN ADXUDICACIÓN POR CONTRATO MENOR DA OBRA “MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO”.

Detectada a necesidade de executar unha zona de aparcadoiro na carretera que da acceso ó núcleo de As Ferrerías (antigo trazado da carretera autonómica AC-566, a día de hoxe de titularidade municipal), que servirá para o estacionamento de vehículos para os usuarios da praia de Villarrube, sendo de especial importancia pois actualmente non se dispón de suficientes prazas de aparcadoiro, o que leva a que moitos vehículos aparquen nas marxes da carretera AC-566 provocando unha situación de inseguridade vial.

Vista a memoria técnica presentada en data 30 de setembro de 2021 por Miguel Ángel Fernández Rivera, Enxeñeiro de caminos, canales e portos, colexiado nº 27.796: “Mejora de la plataforma en Ferrerías para habilitar aparcamiento”.

Visto o orzamento presentado en data 27/10/2021 por José No Martiñán e Hijos, Construcciones S.A para a obra de adecuación de vial e aparcadoiro en A Ferrería, o cal ascende a 30.000 euros (IVE incluído) e que será necesario que sexa executada tendo de prazo ata o día 15 de novembro de 2021 (sendo este o prazo límite para a xustificación da subvención solicitada a tal efecto “DOG 180 DE 17 DE SETEMBRO DE 2021- Resolución de 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestructuras turísticas”).

Considerando que consta retención de crédito na aplicación orzamentaria 1532/63100 por importe de 30.000 euros (nº operación 220210007676).

Considerando que segundo o artigo 118.1: Consideraránse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, sen prexuízo do disposto

no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal”.

Por conseguinte, a adxudicación levarase a cabo segundo o previsto no devandito artigo 118 sendo órgano competente a Xunta de Goberno Local segundo delegación da alcaldía ao abeiro do Dereto de Alcaldía nº 229/2019 de 25 de xuño de 2013.

Esta alcaldía en virtude das atribucións conferidas segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril e demais normativa concordante propón que se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a memoria “Mejora de la plataforma en Ferrerías para habilitar aparcamiento” presentada en data 30 de setembro de 2021 por Miguel Ángel Fernández Rivera, Enxeñeiro de caminos, canales e portos, colexiado nº 27.796.

SEGUNDO: Nomear como Director de obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a Miguel Ángel Fernández Rivera, Enxeñeiro de caminos, canales e portos, colexiado nº 27.796.

TERCEIRO: Adxudicar a empresa José No Martiñán e Hijos, Construcciones S.A, C.I.F/N.I.F.: P1508800H a obra “Mejora de la plataforma en Ferrerías para habilitar aparcamiento” polo importe de 30.000 euros (IVE incluído).

CUARTO: Autorizar e comprometer o gasto derivado da adxudicación da obra indicada con cargo a aplicación orzamentaria 1532/63100.

QUINTO: Publicar o contrato menor na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público-LCSP 2017-, comprendendo a información para publicar o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o IVE, e a identidade da adxudicataria.

SEXTO: Notificar a presente resolución a empresa adxudicataria, con indicación dos recursos procedentes.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes a sesión, aprobou o contrato menor da obra Mellora de plataforma en Ferrerías para habilitar aparcamento.

FÓRA DA ORDE DO DIA

A Presidencia anuncia a presentación do seguinte punto por urxenza, aos efectos de avanzar na tramitación e na execución do Proxecto de abastecemento de auga a Pantín. A Xunta de Goberno Local, aproba por unanimidade a urxenza, incluíndose dito punto Fóra da Orde do Día.

.- ADQUISICIÓN ONEROSA E DIRECTA DO BEN INMOBLE CO NÚMERO DE REFERENCIA CATASTRAL 15088A035003100000HT, PARA INSTALACIÓN DE DEPÓSITO DE DISTRIBUCIÓN INCLUIDO NO PROXECTO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA PANTÍN.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Asunto: Adquisición onerosa e directa do ben inmueble co número de referencia catastral 15088A035003100000HT, para instalación de depósito de distribución incluído no proxecto de abastecemento de auga a Pantín.

Considerando que co obxecto de dotar de servizo de abastecemento a rexión oriental do termo municipal, o Concello de Valdoviño solicitou á entidade Augas de Galicia a colaboración para realizar a construción da rede de abastecemento que asegure a subministración de auga potable en época estival. Colaboración que se fixo efectiva coa redacción e tramitación por parte de Augas de Galicia, do proxecto construtivo “ABASTECIMIENTO A PANTÍN. VALDOVIÑO (A Coruña) CLAVE: OH.215.1204”.

Visto que con data 20 de xullo de 2021, por D. José Rodríguez Pita con DNI 32632.678-W en calidade de propietario da finca sita no Lugar de Teixueiro-Domondó, Parroquia de Pantín, con número de referencia catastral 15088A035003100000HT, manifesta seu interese na venda da mesma ao Concello de Valdoviño, por un importe de 3.000 euros.

Considerando que este Concello atópase interesado na adquisición onerosa e directa do ben inmueble titularidade de D. José Rodríguez Pita con número de referencia catastral 15088A035003100000HT, por ostentar éste as características vinculadas a súa ubicación, accesibilidade, forma e superficie adecuadas para seu destino, a instalación de depósito de distribución incluído no proxecto de abastecemento de auga a Pantín.

Visto o informe de data 19 de xullo de 2021 emitido por Jorge Sánchez de Toca Triviño, Enxeñeiro Técnico agrícola Nº de Colexiado 577, onde se sinala que o valor do ben inmueble obxecto de adquisición é de 3.000 euros.

Visto o Informe xurídico de Secretaría de data 21 de outubro de 2021 relativo a la lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Vistos o informe técnico de data 21 de outubro de 2021 no que se dispón:

“PRIMEIRO. O ben inmueble obxecto de adquisición se atopa reflectido no traballo denominado: *“Recoñecemento de finca a monte, medición e valoración”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Jorge Sánchez de Toca Triviño, de data 22 de xullo de 2021 (registro número 2021000001722), e ten as seguintes características :*

- *Tratase dunha parcela situada no lugar de Domondó, parroquia de Santiago de Pantín, no Concello de Valdoviño e ten a referencia catastral número: 15088A035003100000HT.*
- *A súa superficie total segundo medición realizada por parte do Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Jorge Sánchez de Toca Triviño é de 1.946 m². Segundo os datos da certificación catastral descritiva e*
- *gráfica da Dirección Xeral do Catastro, de data 16 de xullo de 2021, o titular es (Herdeiros de José Rodríguez Aneiros) e a superficie da parcela é de 2.227 m², sendo os seus lindeiros:*

- Norte: Camino público
- Sur: María Josefa López Rodríguez y Herminia López Iglesias
- Este: Jose Manuel García Vilela
- Oeste: María Concepción Fernández Graña

- O ben inmueble está situado en solo clasificado e cualificado como **solo no urbanizable (Forestal)** segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NNSSPP). Non obstante, e tendo en conta:
 - Que as NNSSPP en vigor non están adaptadas a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG),
 - A disposición transitoria primeira, apartado 2.d) da LSG.

A parcela do asunto debe entenderse incluída na categoría de **SOLO RÚSTICO**(...)

(...) "ABASTECIMIENTO A PANTÍN. VALDOVIÑO (A Coruña) CLAVE: OH.215.1204".

Neste proxecto defínense as actuacións necesarias nas instalacións de abastecemento existentes e a proxección dunhas novas redes principal e secundaria para dotar de servizo ás poboacións contempladas na primeira fase do proxecto (parroquia de Pantín). Adicionalmente, inclúese a construción dun novo depósito en Pantín, como elemento regulador da subministración de auga potable na zona e como elemento de partida para estender a rede de abastecemento nunha segunda fase á parroquia de Vilarrube. Tamén terá a función de "depósito pulmón" que asegure o abastecemento dos usuarios en caso de producirse unha avaría na rede principal. Por todo elo, necesítase unha parcela que reúna unha serie de características, como son:

- estar situada a unha cota determinada que garanta a prestación do servizo por gravidade,
- que as súas dimensións permitan situar o depósito previsto, tendo en conta os condicionantes que se fixan no artigo 39 da LSG en canto a parcela mínima, ocupación, recuamentos, etc.,
- que teña acceso por viario municipal, así como a súa forma regular.

Características que se còmpren coa parcela que se quere adquirir por parte do Concello."

Visto o Informe da Intervención Municipal de data 28 de outubro de 2021 de carácter desfavorable no suspensivo.

Examinada a documentación que acompaña o expediente, esta Alcaldía en uso das atribucións atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985 reguladora do Réxime local e demais disposicións en vigor, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. - Aprobar a adquisición directa do inmovible sito no Lugar de Tixueiro-Domondó-Parroquia de Pantín, con número de referencia catastral 15088A035003100000HT e pertencente a D. José Rodríguez Pita por importe de 3.000 euros, dada a especial idoneidade do mesmo e que reúne as características adecuadas para a instalación dun depósito de distribución incluído no Proxecto de abastecemento de auga a Pantín.

SEGUNDO. - Disponer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 161/600000 por importe de 3.000 euros.

TERCEIRO. - Facultar a Alcaldía-Presidencia desta Corporación, tan ampliamente como proceda para a firma de calquera documentos que sexan necesarios para a efectividade do presente acordo.

CUARTO. - Notificar a D. José Rodríguez Pita propietario do inmovible a presente Resolución.

Valdoviño, a 28 de outubro de 2021

O alcalde:

Asdo. Alberto González Fernández “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

PARTE DE ACTIVIDADE

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulou ningún rogo nen pregunta.

Sen ningún outro asunto a tratar, cando son as dez horas e quince minutos, a Presidencia levanta a sesión, da que coma Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO o seu contido.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo alcalde